



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte. 1134-1102

## DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posteriores modificacións de data 28 de xuño de 2024 e 25 de setembro de 2025 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027.

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28.06.2025 atribuíuse a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade en materia de patrimonio histórico e, entre outras, a protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo, dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana.

Por parte do servizo de Patrimonio histórico solicítase, en base a ditas competencias e polo carácter transversal dos proxectos, unha delegación especial na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade das atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das seguintes actuacións: Reforma da fachada dos locais municipais na rúa Elduayen; Reforma dos locais da rúa Carral e humanización da rúa Laxe; Reparación muro contención finca Mirambell.

Por razóns de eficacia administrativa e dado o interese xeral do proxectos e a súa afección ao patrimonio histórico considérase convinte a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública dos proxectos que a continuación se relacionan

- Reforma da fachada dos locais municipais na rúa Elduayen.
- Reforma dos locais da rúa Carral e humanización da rúa Laxe.



Copia do documento - Concello de Vigo 1134-1102	Data impresión: 16/03/2026 14:10 CSV: ACB7A1-444A4D-2CE255-3X8EGQ-ADCUCD-FD	Páxina 1 de 2
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Reparación muro contención finca Mirambell.

**SEGUNDO.-** A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

**TERCEIRO.-** Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O Alcalde, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2026 14:10	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: ACB7A1-444A4D-2CE255-3X8EGQ-ADCUCD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		